

O mosteiro de Lérez. Aspectos económicos (I)

Xosé Álvarez Castro.



Vista mosteiro

A asociación socio cultural CEDOFEITA foi pioneira na divulgación da historia do mosteiro de san Salvador de Lérez, boa proba disto foi a exposición gráfica e documental do ano 1998, que tanta súa tivo. Posteriormente a nosa revista deu cabida a numerosos artigos sobre diversos aspectos históricos, artísticos, etc do mosteiro e á primeira versión en galego do documento fundacional. Cando se están a cumplir 1100 anos da súa fundación non podemos menos que continuar contribuíndo a un mellor e más rigoroso coñecemento da súa historia; comezamos unha serie de artigos con este obxectivo.

Na longa vida do mosteiro de san Salvador de Lérez, que abarca dende a súa fundación no ano 916 (algúns sosteñen que no 915) ata a definitiva desaparición en 1835, a economía monacal sufriu diversas modificacións. O seu estudo global requiriría miles de páginas e sería inabordable nesta revista. A opción que fixemos foi centrarnos nun período concreto: a desamortización iniciada no chamado

Trienio Liberal (1920-23). A base documental utilizada son os abundantes fondos depositados no Archivo Histórico Nacional de Madrid e, más en concreto, os inventarios realizados a raíz do decreto das Cortes do 1 de outubro de 1820, que suprimía os mosteiros das ordes monacais e determinaba a aplicación ao Crédito Público dos seus bens. A volta ao poder do absolutismo aprazou estas medidas ata a desamortización de Mendizábal.

Coincidem estas datas cun período de crise económica e dificultades para os mosteiros, que se inicia nas últimas décadas do século dezaoito e que deu lugar a unha menor producción agrícola, baixada de prezos e atrasos e impagos por parte dos campesiños que tiñan terras aforadas. É, polo tanto, un momento fundamental na historia do mosteiro, pois amósanos o patrimonio que posuía inmediatamente antes da súa desaparición.

En relación co patrimonio do mosteiro lerezán, a información proporcionada sobre o estado de contas

en 1785 é a seguinte: a cantidade en metálico suma un total de 27.799,11 reais que comprende o contido da arca de depósito e os alcances de renda cisa e do libro de sacristía; aparte do diñeiro tamén tiña as seguintes existencias: 572 fermados de trigo, 1.210 de centeo, 720 de millo miúdo, 52 de millo, 265 canados de viño, 84 libras de cera e 2 carneiros.


Neste primeiro artigo centrémonos na transcripción e comentario do 3º inventario e unha breve referencia ao 4º. Foi realizado no mosteiro o día 14 de decembro de 1820 coa presencia de representantes do Crédito Público e do Intendente, Alberto Limeses e Alonso Otero Valladares, do alcalde constitucional de Pontevedra Benito Abilleira e do mordomo Frei José Durán, facultado polo abade Frei Bernardo Suárez.

Na transcripción dos documentos respectamos a ortografía e idioma orixinal, desenvolvemos as abreviaturas e engadimos a puntuación necesaria para unha mellor comprensión.

Fincas rústicas y urbanas.

El Monasterio, con su Cámara, Celdas, mas piezas y oficinas, y la Granja unida a viñedo, Huerta y Frutales; en ella una Panera para el Maíz en Espiga y una Casa de homo, sembradura diez y seis ferrados poco mas o menos, quese trabaja por el Monasterio.

Una Casa terrena que servía de Bodega para vender el vino de cosecha y Diezmo, la qual se halla sita donde llaman Puerta de la Coja de esta feligresía y está bastante deteriorada de sus paredes y techo y no produce renta alguna.



Inventario Archivo Histórico Nacional

El Sitio de una casita que tubo antiguamente junto a la fuente del Arco de la misma Parroquia, que lleva en arriendo berbal Domingo Antonio Abilleyna en tres reales Vellón al año.

Tiene a horillas del Río Lerez como un cuarto de concha de pan medeado en sembradura, que servía para tender las Redes quando salían de la pesca y está a campo.

Unas Aseñas en dicho Río Lerez, próximas al lugar de Causa, con tres ruedas: una de trigo y las otras de Maiz y centeno que mueven solo en verano; se hallan arrendadas berbalmente a Manuel Billaberde, vecino de Geve, en cuatrocientos reales cada año, con condición de poner de su cuenta las Piedras de uno y otro grano como lo hizo de las que en el dia tiene

y son suyas y ademas de ello moler el grano de centeno y Mayz para consumo del Monasterio en Verano en dichas Aseñas y en Yviemo en el Molino que tiene en dicha feligresia de Geve propio suyo.

Las Paredes de otro Molino nombrado Salgueiral que servía para moler en Yviemo y está distruida.

Una Barraca de Piedra para custodiar las Lampreas en el tiempo de pesca de ellas. Tres canales de piedra en el mismo Río para dicho efecto, muy deterioradas.

Frente a la Portería y camino, en medio del Campillo, un Prado que lleva de sembradura doce ferradas, poco mas o menos, que está a cargo del Monasterio.

Una Granja nombrada del Paraíso, a viñedo y labrador, su sembradura doce ferradas poco mas o menos, sita en esta feligresia, arrendada a Cosme de Castro, vecino de ella, en quinientos veinte reales cada año.

Y tiene la mitad de otra Granja nombrada la Gandra, que lleva en arriendo Josef Piñeyra, Blas Tubio y Consortes en precio de trescientos reales cada año, sembradura ocho ferrados poco mas o menos.

Y tiene en Santa Marina de Rajá, Parroquia de San Juan de Doron del Partido de Cambados, una casa compuesta de dos salas, un cuarto pequeño, una Cocina, una Bodega, con las Paneras de Piedra para trigo y centeno; otra Bodega con su lagar pequeña, una quadra, una Huerta que lleva de sembradura concha y media, cuya usufructo se le cede a Antonio Rodiño por barrer, habrir y cuidar de dicha casa, que sirve para cobrar las Rentas de aquel Partido; ademas tiene una capilla de Santa Marina sin obligación alguna y solo los vecinos del coto tienen una misa de deboción en el dia de la Santa que se la dice el Abad de San Juan de Doron quien les administra los Sacramentos por comisión del Monasterio, haviéndole cedido este a dicha cura parroco los diezmos menores en los que no se comprenden el Maiz y el vino.

A continuación do texto anterior, o inventario completase cunha referencia ás cargas de xustiza, tanto civís como eclesiásticas. Faise apelación ao inventario 2º, no que constan as débedas dos colonos que tiñan fincas rústicas e urbanas arrendadas polo mosteiro; este inventario será analizado noutra ocasión. Remata cunha relación de cargas eclesiásticas consistente nunha serie de misas ao longo do ano e que corresponden maioritariamente a tres persoas: Jorge Melo e Gonzalo Soga, cunha media de dez e catro misas mensuais



Claustro 1925

• O Convento de Monxes cabiuas de propiedades
Otra de Misaas Santa en Vila, y en quarto mesas
Y para que así Pueda los frades y frailes al servicio
Misiones Almea Lameiro, Almea de Ons y Outeiros, Dr.
mio Abadía = Fr. José Díaz = Iraga

Inventario Archivo Histórico Nacional

respectivamente, e María Fernández con trinta misas na Coresma. No mes de novembro había lugar para "los Reyes bien hechores" cunha vixilia e misa cantada.

Este inventario recolle só os bens que explotaba directamente o mosteiro -feita por irmáns leigos, xomaleiros e, en caso de necesidade, con prestacións individuais- e os que tiña arrendados; estas propiedades son unha parte pequena das posesións, pois a maioría estaba concedida en fijo e o seu estudo reservámolo para futuros traballos.

As medidas de superficie (sembradura) utilizadas son a concia e o ferrado. O ferrado é unha unidade de medida de capacidade e de superficie; cando nos referimos á capacidade dun ferrado de centeo queremos dicir a cantidade de gran que cabe no recipiente de madeira chamado desa forma; cando empregamos o ferrado como medida de superficie ("sembradura") estaremos a falar da extensión de terreno que se sementa co gran que cabe no recipiente referido. Polo tanto é unha medida cun certo grao de variación entre os lugares, na nosa parroquia utilizase a equivalencia a 629 metros cadrados e corresponde con 12 concas.

Na adega de "Puerta de la Coja" (tamén coñecida na actualidade como Porta do Sol), vendíase o viño

colectado polos frades, que adoitaban ter o privilexio de facelo antes que o resto dos veciños, e tamén o viño que obtiñan do dezmo, ou sexa, o recibido en virtude deste imposto destinado a sostener o culto e que acostumaba a equivaler á décima parte do producido, ainda que a porcentaxe podía ser menor.

Constatamos a existencia de "aseñas" (aceas) ou sexa de muñhos con roda vertical, adentrados no río e cunha capacidade elevada de moenda. Consérvanse na actualidade referencias topográficas (As Aseñas, As Señas, As Ceñas).

As moedas empregadas eran o real e o real de vellón, o primeiro era a moeda tradicional española, de prata, e o segundo recibía ese nome por ser acuñado nunha aleación de prata e cobre (vellón); un real equivalía a 2,5 reais de vellón. Outra moeda era o maravedí, moeda de cobre cun valor 34 veces menor que o real de vellón.

Un aspecto a destacar era o relacionado coa pesca no río Lérez, cuestión que dou lugar a numerosos preitos sobre os límites da demarcación suxeita a dereitos do mosteiro. No inventario aparece un pequeno terreo para tender as redes, que posiblemente estivera na zona do Gramal. Atopámos referencias á existencia de canles construídos no río para a pesca

das lampreas (pesqueiras), xa deteriorados na data do documento, e unha construcción adicada a mantelas vivas logo da súa captura.

Polo que respecta á localización das propiedades estudiadas, a maioría atópanse no couto do mosteiro, agás os bens situados en Domón e que teñen a súa explicación na importante cantidade de propiedades que o mosteiro de Lérez tiña naquela zona; xustifícase así a posesión dunha casa e determinadas dependencias que servisen como centro de recaudación das rendas forais e doutro tipo que alí se recollían. Non está de máis lembrar que este mosteiro percibía rendas de dez municipios da provincia pontevedresa: Barro, Campo Lameiro, Cotoade, Cuntis, Meis, Moraña, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Vilaboa.

Completamos este artigo co estudo do inventario 4º, que fai referencia aos bens de tipo cultural que posuía o mosteiro. No apartado de pintura era moi pobre pois só se acredita a existencia de "Quatro Láminas de los Alemanes, con los cuatro Evangelistas" e "Otro grande en la cova del Refectorio, la Cena de los Apóstoles."

Polo que respecta aos libros e a pesares de ser colexio de artes da orde bieita e escola parroquial, tamén pouco a situación parece ser moi mellor: "Este Monasterio no tuvo Biblioteca formal, solo se conservan algunos libros y obras incompletas muy mal tratados, en especial después de la Invasión de los Franceses." A relación de títulos non acada os 150 tomos. No posterior inventario de 1836, determinado pola desamortización de Mendizábal, quedaba reducido a 112 volumes, a maioría en latín. Non estaría de máis sinalar que este tipo de bens prestábase á posibilidade de venda ou ocultamiento con anterioridade á confección dos inventarios.